

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 27 DE ABRIL DE 2011

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día vinte e sete de abril deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA, DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, DONA LUISA MARÍA ZARZUELA GONZÁLEZ, DON LINO JOSÉ GONZÁLEZ-DOPESO GARCÍA, DON JOSÉ RÁBADE ARIAS, DON JOSÉ FERNANDO PIÑEIRO DÍAZ e DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO. Actúa como Secretario o Concelleiro-Secretario da Xunta de Goberno Local, don Lino José González-Doposo García, e asisten á sesión o Secretario Xeral do Pleno, don José Antonio Carro Asorey, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ACTA.- Apróbase a acta da sesión da Xunta de Goberno Local, correspondente ao día de de 2011.

ÁREA DE URBANISMO

1. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase a concesión das seguintes licenzas: para legalización e ampliación de planta baixa con implantación de uso de garaxe privado (grao 1º), na edificación con licenza número 121/75, sita na rúa Profesor Otero Pedrayo, número 20 e para recheo de leira para recuperación de pradería, sita en Fazai-San Martiño de Carballido.

2. XESTIÓN.- Acórdase a declaración de ruína urbanística e técnica do expediente contradictorio de ruína do anexo ao inmovible número 17 da praza de Ferrol.

Acórdase a declaración de ruína urbanística no expediente contradictorio de ruína do inmovible sito na rúa Serra de Meira esquina con Paradai de Abaixo.

ÁREA DE ECONOMÍA E EMPREGO

3. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.- Acórdase a prórroga do contrato administrativo correspondente ao servizo de desratización, desinsectación e desinfección no termo municipal de Lugo, subscrito entre este

concello e a adxudicataria do referido servizo, polo prazo dun ano, contado dende o 1 de xuño de 2011.

Acórdase a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto na contratación da subministración e instalación de contedores soterrados no Concello de Lugo. Actuación incluída no proxecto urban (iniciativa urbana) co 70% de cofinanciamento da Unión Europea a través do fondo europeo de desenvolvemento rexional (PO FEDER Galicia 2007-2013) (proxecto número 09UR3201 urban contedores soterrados recollida selectiva e apertura do procedemento de contratación.

**ÁREA DE RÉXIME INTERIOR E PROTECCIÓN DA
COMUNIDADE**

4. PERSOAL.- Acórdase a dación de conta da suspensión da investigación reservada polo desenvolvemento do traballo dunha funcionaria.

Lugo, 28 de abril de 2011
O CONCELLEIRO-SECRETARIO,

Asdo.: Lino José González-Dopeso García